



ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

-A documentación adxunta que se debe presentar atendendo ao tipo de instalación que se pide montar é a seguinte:

- Instancia de solicitude debidamente cumprimentada, na que se incluíra o domicilio a efectos de notificacións, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico. Deberá indicarse na solicitude a actividade que se desenvolverá así como o número de metros que ocupará o posto.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de documento acreditativo da identidade da persoa física ou xurídica solicitante mediante a presentación do DNI, NIE, CIF ou documento equivalente.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de Alta na Seguridade Social do Solicitante e no Imposto de Actividades Económicas e acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. No momento da solicitude o órgano xestor solicitará de oficio á Tesouraría Municipal certificación acreditativa de acharse ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias co Concello.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da póliza vixente do seguro de responsabilidade Civil da atracción e acreditación de estar ao corrente do recibo do ano en curso. O capital mínimo asegurado deberá ser de, polo menos, 150.000 euros por danos ao público asistente e a terceiros. O recibo deberá comprender o período de montaxe, funcionamento e desmontaxe da atracción ou posto.
- Declaración de potencia eléctrica da actividade.
- Certificado de Instalación Eléctrica de Baixa Tensión asinada polo instalador autorizado e autorizado polo Servizo Provincial de Industria ou Entidade colaboradora. Presentarase orixinal e, no caso de presentar fotocopia, mostrarase tamén o orixinal.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da revisión anual do aparello e que acredite as condicións de seguridade, hixiene, comodidade para o público da instalación, así como o seu correcto estado de funcionamento, asinado por técnico competente. (Este documento non será obrigatorio para atraccións tales como casetas de tiro, tómbolas, churrerías ou similares).
- Se se dispón de instalación de gas, presentarase ademais o certificado da instalación de gas e de revisión da instalación, asinadas polos técnicos competentes en cada caso.

Toda a documentación deberá estar en vigor na data en que se presente a solicitude para instalar a atracción en Cangas, non podendo iniciarse a actividade no caso de que se produciu a caducidade dalgún documento.

E para que así conste e, asino a presente oferta en Cangas a _____ de xullo do 2019.

Asdo.: _____